



# A ROSA TERRA

IDEARIUM  
DAS



ANO VII

N. 248

1.º de Maio de 1928

CAMILLO DIAZ

# BANCO PASTOR

Casa fundada  
en 1876

Capital suscrito,

17.000.000

Capital desembolsado,

8.500.000

A CRUÑA - VIGO - LUGO - OURENSE - FERROL - VIVEIRO - SARRIA - MONFORTE - TUY - ESTRADA  
CARBALLO - MUXÍA

ZINCKE HERMANOS

LIBREIRÍA

PAPELEIRÍA

IMPRENTA

Cantón Grande, 21 -- Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE  
BOUZAS — VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

*Redes d'algodón para tarrafa Aparellos armados e  
en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca  
e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses  
Aceites xenerás e vexetaes, e surtido completo para  
maquinaria e pesca.*

SANTA LUCÍA, 26 e 28

A CRUÑA

## A superioridade dos CALZADOS SENRA

abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais  
o procedere d'unha industria galega,

## HONRA DA NOSA REXIÓN

obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra

Fábrica: Avenida da Granxa -- A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15 - A CRUÑA -- Real, 110 - FERROL, - Príncipe, 9 - VIGO

# A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano 6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XII



1.º de Maio do 1928



Núm. 248

## ESQUEMAS E LEMBRANZAS

Fai poucos días ía eu lêndo n'un auto de viaxeiros o «Triplíco» de Vilar Ponte. Cada vegada gosto máis, con crecedeira lediza intensa, da forza certaíra das tres obras. Cando se gastaron as primeiras conversas e cada un, obrigado pol-os movementos do coche atopou o seu asento, o limpo volume chamou a atencón dos paisanos e dos chés. Un de moita estilográfica e lindos calcetís — eu sabía que tiña que trepar por canellas enladas — asombrouse de que houbera libríños tan ben imprentados en galego. Non pasa día sen se descubrir algo novo. Nun rincón, chegaba ó treito c'a testa a esgúta figura d'un home bô, vellote rexo, da montaña. Eu ben sei a súa doorosa hestórea. A traxedia diarea que atura pol-a causa dos fillos. Habería que contala en tatin, pol-o menos, pra non lixar. Pois, percorrendo as follas do libro dixeran outo unha frase do admirabile D. Ramonciño de «Almas mórta» «Porque, por mor dos que emigran, Galicia é escrava». Inda ten créto a letra da imprenta. O ché dos calcetís dixó que na América un carboeiro cando se lava despois do traballo sai a rúa e paseia c'os duques. Alguís labregos figuran debullar a frase. Cheguei ó término do meu viaxe cando s'acendía a discusión. Quen me dera esculcar o pen-

samento do vello lanzal, tristeiro agora, da montana!



Din que a laboura galeguista non chega ó curazón do pobo. Deixade que latriquen canto lles pida o corpo. ¿Chegou quizais o sentimento do Estado despoixa de tantos anos d'administración? Eu teño fé no pôrvir e sei que o cerne étnico non pode por menos que latexar connosco. Pois nós procuramos ó seu ritmo eterno e calado. Un mozote da miña aldea que endexamáis se lembrou da súa xente esquirbiume fai tempo d'endo fondo de Cuba pedindome us libros galegos. N'istes días chegoume un labrego listo e negociante, que ten andado moita terra, pra falar de outras angueiras e cuaseque soílo tratamos das cousas galegas qu'andan sempre por riba da miña mesa. Medran os exempros, inda que o pobo verdadeiro non gusta — e fai ben — de ceibar seus sentires falando c'os señoritos.



Na primaveira mollada hastra o xardín municipal, qu'ollo d'endo as fiestras do Instituto, sinte a espranzada vibración da terra

*galega. En troques vai debecendo, n'ista primaveira, a fábrica lanzal da eirexa de San Francisco. Estanlle arrincando a Ourense a sua mística coroa.*

\*.\*

*Ouvindo bater a chuva lembreime da Limia. Porque cando a crucei por primeira vegada espallábase nos pechos arboredos do vrán a fartura do chán lentreto — cantigaba en min o vello latín de Gregorio de Tours celebrando a Limagne francesa: «Æquor agrorum in quo sine periculo quætosoe fluctuant in segetibus undae»? Mar das centeeiras e das herbas pol-as que fuxen grosos paxáros. Tamén unha Holanda na invernia, patria d'un fondo pintor no pôrvir. Outra semellanza entre a Limagne e a Holanda: n'ista nasceu a ciencia moderna e no Clermont onde resoou a verba dos Cruzados, fixo Pascal, ardente meditativo, espresencias de física. A Limia era a «Palla aurea» dos documentos antigos. Seus caste-*

*los defensores da Galiza fânse curtesía por riba das fartas colleitas e do espellar da lagoa. Os romántecos — aixiña se terá a festa de Vicetto — ollaban como o pobo, voar riba da terra mól os exercitos do Rei Artús. Agora consideran aquil paisaxe e o misterio dos montes lonxanos, os ollos de poeta de Victoriano Taibo. Outro grande celta. Sidonio Apolinar dixo da terra de Clermont cousas que se poden apricar á nosa Limia: «Calo a legría da terra, doce ós viaxeiros; froitosa, boa pr'os cazadores e labregos; cinguida de montes, animada pol-a abenza, con viñas nas ladeiras, aldeas nos tarreos, castelos nos roquedos, lagoas nos fondales, agros nos chaos, cruzada de ríos, fai en conxunto que calquera que chegue a ela esqueza a sua propia pátre». Río do Olvido. Tamén Chateaubriand percorreu gostoso o país de Clermont. É doce a comparanza dos nomes: Limagne, Limia.*

R. OTERO PEDRAYO.

## POLÍTECA DO NOSO TEMPO

### III

#### DA CRISE DO LIBERALISMO

Posto coma deixamos, si non a prioridade, pol-o menos a posición central do problema, políteco, e posto tamén que o que a nós nos intresa fundamentalmente é o do nazionalismo, xa que resulta case ocioso discutir ningún problema de goberno cando a autonomía nazional, que é previa a todos eles non eisiste, imos entrar n-outro tema que co-iten íntima relación.

Efeitivamente: nazionalismo e liberalismo, pódese dicir que naceron xuntos, que foron os liberais os que prantearon o problema das nacionalidades, e que a *teoría das nacionalidades*—cuia derradeira espresión había sel-o fundamento da S. das N.—é unha doutrina, unha teoría liberal. No noso tempo,

nazionalismo e liberalismo, volvémoslos atopar xuntos, íntimamente unidos, nos tan soados Catorce Puntos de Wilson.

Pois ben: hoxe fálase en todol-os lados da *crise do liberalismo*; pódese dicir que atal crise é un feito do noso tempo. Ora, esa crise, afeuta tamén ó nazionalismo, pol-o feito d'afeutar ó liberalismo? Dende logo debemos responder que non: nazionalismo e liberalismo, cousas que van moi ben xuntas, doadas pra axudárense mutuamente, son emporiso cousas difrentes e que poden de feito viviren arredadas. De feito, pódese ser nazionalista sin ser liberal, e liberal sin ser nazionalista, anque se cadra, o nazionalismo do que non é liberal poidera non ser tan puro, e o liberalismo do que non é nazionalista non tan liberal como semella, senón que leva en si de antiliberal o que leva de antinazionalista.

Ora, de todol-os xeitos, a crise do liberalismo é un feito do noso tempo. O liberalismo é hoxe atacado d'as dúas bandas extremas e opostas da políteca actual: d'nd'o campo da extrema dereita, pol-os hoxe enra-bechados ultraconservadores--enra-bechados e envalentonados—e d'nd'o campo da extrema esquerda, pol-os comunistas cheos de carraxe. Uns e outros poñen as suas razóns, en moitos casos, atinadas. Mais, si ben se mira, estas razóns, mais que atacar os fundamentos derradeiros do réxime liberal, com-báteno pol-os seus efectos.

E todos nos temos layado d'istes efectos. Pol-o que toca a Galiza, crar'está: o liberalismo hespañol descoñeceu a sua persoalidade, e someteuna a un réxime artificial de provincias e municipios, alleo por com-preto á nosa constitución social verdadeira, e mo-vido dende Madrí pol-a burocracia dos Mi-nisterios. Que co-esto agravouse a situazón de Galiza é tan evidente, que calquera feito da nosa desgraciada historia políteca con-temporánea abonda pra pôlo á vista de to-dos. Coido ter demostrado hai tempo que o liberalismo hespañol non restituíu a Galiza o voto en Cortes que lle fora usurpado no réxime ausoluto, que Galiza endexamais estivo representada no Palramento hespañol, e que os seus intreses coleitivos estiveron sempre sin defensa. Galiza foi un *campo esperimental* pra exercitárense os sistemas caciquiles qu'en Madrí tiñan «a chave dos rayos» e as clientelas polítecas que levan o nome de partidos. O centralismo oficial e estraoficial privou a Galiza dos beneficios do réxime liberal, e Galiza non pudo tirar pro-veito ningún do liberalismo.

Quer isto dicir que o réxime liberal sexa ruín en si? Quer dicir que non seña adautabele á vida galega? De ningún xeito. É que non tivemos un sistema liberal noso, que se nos impuxo un alleo, impurificado por vicios alleos ó liberalismo, pois o liberalismo non ten que ser por forza centralista.

Outro día esamiñaremol-o probrema en relación a Galiza d'un xeito mais estreito. Hoxe ímonos deter unha miguiña mais no liberalismo en si.

Diciamos que a crítica refírese mais ben ós efectos que non ás esenciais. Así e todo,

Ortega e Gasset quixo ver no sistema unha contradicción interna: unha oposición entre liberalismo (dereitos individuás) e democracia (gobierno do pobo pol-o pobo):

«La democracia responde a esta pregunta: ¿Quien debe ejercer el Poder público? La respuesta es: el ejercicio del Poder público corresponde a la colectividad de los ciudadanos».

«El liberalismo, en cambio, responde a esta otra pregunta: Ejerza quienquiera el Poder público, ¿cuales deben ser límites de éste? La respuesta suena así: el poder público, ejérzalo un autócrata o el pueblo, no puede ser absoluto, sino que las personas tienen derechos previos a toda ingerencia del Estado».

A democracia é, asegún il, d'orixe gre-co-romano; o liberalismo d'orixe xermáni-co-medieval. E pódese ser moi liberal e nada demócrata, e moi demócrata e nada liberal. Democracia e liberalismo son tendencias antagónicas: as antigas democracias eran poderes ausolutos, gregos e romanos descoñeceron os dereitos individuás. O bolchevismo é antiliberal, igual que a autocracia zarista. En troques, a nobreza medieval era coidadosa das suas franquías e liberdades, e non era demócrata.

Así e como il o espón, semella que o antagonismo é verdadeiro; mais com-pre arreparar ben n-esto.

Poñamos por diante que non pensamos que haxa ningún home coscente da sua di-nidade, que sinceiramente, co-a man no cu-razón, estea disposto a renunciar ós dereitos individuás. Coma non pensamos tampouco que haxa home con concencia políteca qu'estea disposto do mesmo xeito, a renunciar ó dereito d'escoller, por meio do voto, os que haxan de gobernar a sua terra... E esto se-gundo é xa democracia. Ademais, non com-pre somentes que os dereitos do home estean *decrarados* e *recoñecidos* na lei; com-pre ademais que haxa *garantías* de que non han ser violadas pol-o poder púbrico: com-pre que haxa meios legais de *defen-delos* das agresiós da autoridade. Pouco po-den valer os dereitos individuás, ond'o de-reito de *resistencia á opresión* se non pode exercer eficazmente.

Ora, onde hai mais garantías pr'os dereitos do home: onde mandan poderes autocráticos de dereito diviño ou sinxelamente feito, sen centrol popular, ou onde o poder é exercido por desinación popular, por representantes revocábeles e temporarios, e controlados pol-a opinión, pol-a imprensa libre, por representantes dereitos do pobo e por orgaismos oficiás capaces de botar abaixo aquelas disposicións do poder púbrico que contradigan os principios fundamentás do réxime de liberdade?

Tocantes á que a democracia teña orixe nas repúblicas da antiguidade, tampouco podemos estar conformes. Eso ven do miraxe clasicista do que aínda se non ceibou de todo o Prof. Ortega e Gasset. As democracias modernas se non imitan ás antigas democracias ausolutistas. Na cultura occidental están os principios das democracias modernas: nas democracias comunales das cidades e vilas, coas súas autoridades eleitivas e as súas cartas de dereitos; nos Palamentos e Cortes, co seu principio de que a iles tiña o Rei que *pidir* subsidios ou *axudas*, sen poder botar máis trabucos qu'os alí votados; na institución do Xurado; no procedi-

mento criminal xermánico, oral, pronto e favorábele ó reo; nas *ligas* pr'a defensa das liberdades: irmandades, guildas, hansas, ligas, uniós, fraternidás, etc. que chegaron a institucións semellantes á Milicia Nacional do século pasado, e ás ligas dos Dereitos do Home, por outra parte.

Pois ben: control popular sobr'os autos de goberno, voto das autoridades, dos representantes, do Poder lexislativo, voto dos trabucos e do continxente militar, xurado, etcétera, non son institucións democráticas?

Logo, en contra do que pensa Ortega e Gasset, a democracia se non opón esencialmente ó liberalismo. Pol-a contra: a Democracia é un sistema de defensa das liberdades. Non hai contradición interna no sistema liberal-democrático. As críticas contra o liberalismo van máis ben contra os feitos de aplicación do sistema e contra as súas formas exteriores, como veremos outro día, e o feito actual da hipertrofia do Poder executivo en perxuizo da democracia e dos dereitos do home, non pasa de ser un feito, feito, sen xustificación doutrinal e xurídica.

VICENTE RISCO

UN ARTIGO DE JULIO DANTAS

## A LÍRICA GALEGA

No importante xornal do Porto «O Primeiro de Janeiro» limos un fermoso artigo de Julio Dantas (o grande escritor portugués, tan amigo da Galiza) que hoxe traguemos á istas páxinas, sintíndonos moi honrados ó facere.

Julio Dantas, coñecido e admirado na nosa terra, máis na Cruña principalmente, onde se teñen posto en escena varias obras suas pol-o cuadro de declamación da «Irmandade da Fala», no artigo que agora leredes, fai loubanzas moi asisadas d'alguns dos nosos grandes poetas e da nosa lingua, máis da lingua portuguesa, que anda a tentar actualmente de novo as azas para un voo glorioso.

Este traballo de Julio Dantas—no que se fai unha evocación dos nosos Precursores, da saudade común ós pobos d'entrambas orelas do Miño e se fala afinal do malogrado Amado Carballo, que o autor de «Sóror Mariana» coída aínda vivo,—constitue un estímulo máis para cantos cultivámol-o galego, non somentes por deber patriótico, senón como cousa de senso porvirista trascendental. É para lér e para meditar. Ora lede e meditate, non sin deitar do voso corazón fonda gratitude para o ilustre Dantas: Dí él así:

Entretive-me, durante os días de repouso da Páscoa, a ler alguns dos mellores poetas

galegos. Não, evidentemente, os poetas galegos que escrevem em castelhano; mas os poetas que pensam, sentem e escrevem os seus poemas na doce lingua galega, mãe da portugueza, a mesma em que o rei D. Denis balbuciu as suas canções, puro veio de oiro que parece creado para a expressão dos sentimentos suaves, para a pintura da natureza ao mesmo tempo luminosa e melancólica d'além Minho,—a lingua, emfim, em que falariam as figuras do maravilhoso pórtico da Gloria, se um dia acordassem do seu sono de pedra.

Como se sabe, depois de ter sido, do século XII ao XIV, o instrumento do lirismo peninsular, a lingua de amor em que se moldaram os versos dos poetas e as canções ternas das mães, o dialecto galego (chamolle impropiamente dialecto, em harmonia com os dialectologistas espanhoes, por comodidade de expressão) emudeceu como lingua literaria durante mais de quatrocentos anos, para despertar, no meiado do século XIX, ao forte impulso do regionalismo, ou melhor, do nacionalismo de Brañas, de Fardalo, de Murguía e de Vicetto, a que correspondeu a admiravel floração de poetas que matou as tradições seculares do lirismo galego. A essa pura estirpe dos romanticos e dos néo-romanticos nacionalistas pertenceram poetas como Francisco Añon, espirito irrequieto, que esteve em Portugal em 1847, na qualidade de refugiado politico, e que veio a morrer de fome longe do seu paiz; Eduardo Pondal, «o da lira celtica de ouro e de ferro», interprete admiravel, nos «Rumores dos piños», da alma e da paisagem galega; Curros Enríquez, que se immortalizou nesse belo poema, a «Virgem do cristal», joia da poesia galega; Lamas Carvajal, em cujos versos varonis, patrioticos, exaltados, flameja a recordação do «passado celtico, simples e livre no seio da natureza»; e, sobretudo, Rosalía de Castro, a doce Rosalía dos «Cantares» e das «Folhas Novas», rôla mística morta em cheiro de imortalidade e hoje colocada tão alto no sentimento—como direi?—religioso da Galiza, que, diz um poeta, «para o nosso espirito voar para ela precisa de conhecer os caminhos do céu». Rosalía de Castro — a maior da constelação

romantica—representa, na poesia regionalista galega, o que Brizeux representou na poesia bretã, Mistral na provençal Aribau e Soller na catalã; nos seus versos palpita, de facto, o coração terno de Galiza, e, apesar da possivel influencia de Roberto Burns nos «Cantares» e de Henri Heine nas «Folhas Novas», a sua poesia ficará, porque nela se incarnou o que havia de mais intimo e de mais puro na alma galega, amorosa e religiosa.

De então para cá, nos sessenta anos que vão desde Añon até aos mais moços poetas contemporaneos, já de tendências futuristas alguns, produziu-se um largo e brilhante movimento literario caracterizado pelo amor á terra, pela rebeldia contra todas as opressões, e pela exaltação do sentimento da saudade. Pode dizer-se que o «saudosismo» constitue a propria essencia do moderno lirismo galego. Já Lamas Carvajal cantára as «Saudades galegas»; Curros Enríquez, a saudade nostalgica, nos «Aires d'a miña terra»; Rosalía, nos «Cantares», a saudade mística, saudade que era nela «cravo de oiro, de ferro ou de amor», que impregnava toda a sua alma, que envolvia todo o seu ser numa doirada penumbra de crepusculo. Depois disso, a saudade, «religião espiritual da terra», incorpora-se na propria poesia galega. «Não tem o direito de se chamar poeta galego — diz Eladio Rodríguez González, hoje presidente da Real Academia local—aquele que não souber exprimir a saudade e que a não trouxe nos ossos e no coração.» A's formas arcaicas «suidade», usada por Pondal, e «soedade» adoptado pela doce Rosalía, preferem os poetas de hoje a forma «saudade», que vieram buscar á lingua portuguesa. Ramón Cabanillas,—o maior poeta galego vivo e um dos maiores que tem cinzelado os seus versos no oiro puro da lingua de Añon, autor do «Vento Mareiro», do «Desterro» e da «Terra assoballada»—estudando, num discurso academico notavel, o sentimento da saudade nos poetas galegos, dá-nos a conhecer as varias modalidades que a expressão desse sentimento tem revestido, desde as formas superiores da «saudade do céu» (Rosalía) e da «saudade da raça» (Curros), até á saudade da terras, da

montanhas verdes, dos prados verdes, das rías, dos sinos, do lar, que se torna, com a «morriña», um sentimento fisicamente doloroso. O que é interessante é que raras vezes, nos líricos galegos, esse sentimento saudoso anda ligado ao amor e á mulher, como sucede, desde os tempos do «Cancioneiro de D. Denis», na poesía portuguesa. O rouxinol de Bernardim não morreria afogado nas tranquilas ribeiras da Galiza. A terra—a «terra meiga», como eles lhe chamam—domina tudo; e, até certo ponto, resume tudo, todos os anseios e todos os amores. A literatura saudosista galega tinha de ser caracterisadamente nostálgica,—porque é, em última análise, a literatura de um povo de emigrantes.

Ultimamente, as formas líricas puras, que nos davam a impressão das cantigas de Afonso, o «Sábio», ou das sirventes do jocal de Sarria, estão degenerando. Alguns poetas—poucos—tentam a renovação das imagens e dos ritmos, sob a influencia dos futuristas estrangeiros. Amado Carballo joven poeta que me enviou de Vigo, o seu último livro, «Proel»: é, embora moderado

um desses renovadores; ha nos seus versos imagens novas, audacias de expressão, extravagancias dultônicas (o «mar amarelo», a «seda verde do vento», a «campainha de prata do dia», a «ría debulhando maçarocas de sol», os «foguetes verdes dos pinheiros», o «portico ogival dos teus olhos», as «terras vermelhas do pão; a «lua verde», etc.); entretanto, é tão grande, mesmo sobre os modernistas galegos, o prestígio das velhas formas melódicas tradicionais, que, lendo-os, são sempre os mesmos ritmos que nos cantam nos ouvidos, a mesma «muñeira», o mesmo «arrollo», o mesmo «cantar bergantiñan», o mesmo «alalá» terno, repousado, prolongado e triste.

Neste momento, em que se promove uma mais forte aproximação, não apenas económica, mas também cultural com a Espanha, importa conhecer e acompanhar o forte movimento nacionalista galego. E' interessante seguir de perto a evolução duma lingua que foi mãe da nossa, e que, imobilizada durante quatro séculos, começa a tentar de novo as azas para um vôo glorioso.

JULIO DANTAS.

## FAI FALLA UN RICO...

Tamén pra libertar do seu provincianismo á nosa historiografía fai falla un rico, ese home á quen Galiza espera e que non pode vir porque ninguén está postosto a paga-los gastos da sua chegada. Tamén pra esto porque os cartos poden arredarnos do pesadelo de todo-los días: as notas sobre cativeces do derradeiro tercio do século XIX, o estudo sobre os pintores de portas no século XV, a biografía do barbeiro Pascual Porres do século XVIII (1715-1771)... estas cousas valeiras que soio pode disculpar o afán de non perde-lo habito de leer letra antiga.

Mentras tanto a nosa verdadeira hestoria sigue sen facer. Milleiros de documentos, tumbos enteiros, codices... todo sigue inédito. Moito porque está lonxe de nós, e moito

porque está tan rematadamente mal disposto que é imposible consultalo.

No Arquivo Nacional de Madrid, aparte de outros fondos chegados con posterioridade, gárdanse procedentes da exclaustación, según o inventario de 1866 o siguiente número de documentos:

*Prov. da Cruña.*

Cistercienses de Nosa Señora a  
Real de Sobrado, en Mellid. . . 668 docs.  
Cistercienses de Santa María de



A NOSA TERRA

Monfero en Betanzos. . . . .	17 »
Varios da Cruña . . . . .	187 »
TOTAL. . . . .	<u>872</u>

Prov. de Lugo.

Frades bieitos de San Xulián de Samos e Santa María de Ferreiro de Pallares . . . . .	2.134 docs.
Frades bieitos de San Salvador en Vilanova de Lourenzana . . . . .	417 »
Frades bieitos de San Vicente do Pino en Monforte de Lemos. . . . .	322 »
Frades bieitos de San Salvador de Chantada. . . . .	273 »
Cistercienses de Santa María de Meira en Fonte Miñá. . . . .	1.216 »
Cistercienses de Santa María de Montederramo . . . . .	449 »
Benedictinos de San Vicente de Pombeiro . . . . .	18 »
O. T. de San Martín de Vilourente en Mondoñedo . . . . .	198 »
TOTAL. . . . .	<u>5.027</u>

Prov. de Ourense.

Bieitos de San Salvador de Celanova . . . . .	103 docs.
Bieitos de San Pedro de Rocas . . . . .	26 »
Id. de Santa María de Ribeira . . . . .	14 »
Bieitos de Santa Comba de Naves . . . . .	33 »
Bieitos de San Esteban de Ribas do Sil . . . . .	94 »
Cistercienses de Santa María de Xunqueira de Espadañedo. . . . .	23 »
Franciscanas de Santa Clara de Allariz. . . . .	40 »
Cistercienses de Santa María de Melón . . . . .	767 »
Cistercienses de Santa María de Oseira . . . . .	1.086 »
TOTAL. . . . .	<u>2.186</u>

Prov. de Pontevedra.

Bieitos de San Xuan de Poyo . . . . .	329 docs.
Cistercienses de Armenteira. . . . .	832 »
Id. de Santa María de	

Oya. . . . .	1.295 »
Bieitos de San Salvador de Le- rez . . . . .	168 »
Cistercienses de N. S. <sup>a</sup> da Fran- queira . . . . .	31 »
TOTAL. . . . .	<u>2.655</u>

Que en xunto facían no 1866 10.740 pezas. Oxe aumentouse en moito este número e o Arquivo Nacional garda o mellor da hestoria e da filoloxía galega.

En Madrid mesmo, fora de él outros arquivos de nobres—lémbrese o da casa de Alba, xuntoiro das nosas mais esgrevias linaxes—e de institucións, conteñen documentos inéditos do mais outo valor. Fora de Madrid en Simancas, na Real Chancillería de Valladolid... a riqueza de materiaes pra a nosa hestoria supera todo suposto.

¿Qué pode facer un rico contra este *absentismo* dos documentos? Poñelos por medio de fotocopias ó alcance dos traballadores galegos co ouxeto de pubricar series de *Fontes pra a hestoria de Galicia*, ordeándos por materias e épocas.

Pero non todo-los documentos fuxiron. Outros están mais perto de nós pero fora aínda do noso alcance. Comenzando po-lo *Archivo General de Galicia*, que contén 2.000.000 de pezas, condeadas primeiro a andar de zoco pra cabazo e agora a apodreceren nos sótanos da Capitanía General da Cruña, e rematando no mais modesto Arquivo Parroquial. Porque todos sufriron sucesivamente o incendio dos ingleses, dos franceses e dos... galegos, o roubo dos eruditos, a venta ó peso, e, finalmente, o arrecantamento.

Exempros: A queima do Archivo Musical da Catedral de Santiago, a desaparición do testamento de Fonseca da Biblioteca da Universidade Galega, a venta ordeada por un Alcalde, con título académico, dos papeles do Arquivo de Pontevedra a orixinal disposición do Arquivo compostelán do Voto de Granada...

¿Cómo se pode arranxar este desastre? Subvencioando a catalogación e ordeación

dos Arquivos, facendo que sexan servidos por facultativos, é decir, poñéndoos ó alcance dos investigadores.

Exemplo: O Arquivo do Municipio com-

postelán, ordeado po-lo mestre D. Pablo Pérez Costanti.

Nota: ¿É un exemplo único?

FILGUEIRA VALVERDE.

## TEOLOXÍA E MATEMÁTICAS

*O talento é coma os carlos:  
uns non teñen nada, e outros  
están de riqueza fartos.*

*O fillo de Cuasemodo  
é d'aquiles qu'en talento  
están arrucha de todo.*

*Mais o pai coida que ten  
n-aquil fillo un Salomón  
que val, cando menos, cen.*

*E pol-o cariño cego,  
deu con él no Seminario,  
pra que llo fixeran crego.*

*Ben que mal, o rapaciño  
foi seguindo, nos estudos,  
o seu deficel camiño.*

*Hastra que chegou un día  
que s'entalou com'un carro,  
na cras de Teoloxía.*

*No seu miolo supino  
n'entrou a Suma Teolóxica  
de Santo Tomás d'Aquino.*

*E, ceibando fel i-escuma,  
decía: — D'eiquí non paso,  
pois devídeme ista Suma.*

*O profesor, qu'ateimaba  
en lla faguer comprender,  
de mil xeitos lla espricaba.*

*Os compañeiros tamén,  
antes d'entrare nas aulas,  
espricábanlla, e máis ben.*

*Mais era perdid'o caso,  
porque él soio reprecaba:  
— Nada, que d'eiquí non paso.*

*— ¡Has de pasar!-- dixo un día,  
todo enrabechado, o mestre  
qu'ensinaba Teoloxía.*

*E o mozo retrucou: — ¡Boh!  
se xa o autor o decrara:  
«Santo Tomás, de aquí, ¡no!»*

AVELINO RODRÍGUEZ ELÍAS

## Aos suscritores da provincia da Cruña

Seguindo o costume establecido ao cobrar a anualidade vencida, no presente mes de Maio xiraremos contra os suscritores da provincia da Cruña unha letra por valor de 6 pesetas importe d'un novo ano de suscripción.

Como saben os nosos lectores éste é o único meio de que dispoñemos para a cobranza das suscripcións e pol-o mesmo rogámoslles encarecidamente atendan o noso xiro co que nos evitarán uns gastos que non soportaría o sostimento da revista.

Agradéceo fondamente

A ADEMINISTRACIÓN

## ¿POR QUÉ SERIA A BATALLA?

Na China onde cada veciño briga c'outro, e ninguén se entende; acaba de darse un caso muito orixinal c'os ratos.

Lín n'un xornal, a grande batalla que nas portas da cidade de Shalatchi (ô norte do Kalang) na noite do día 28 de Febreiro, se desenrolou. Houvo unha batalla formidabre; contándose os mortos por millóns: entre un grupo de ratos amarelos, contra outro de coor cinsenta.

¡Fáltanos muito por saber!... ¿Quén nos dice a nós que entre os ratos, non houvo un París que raptou unha Helena?... Pode ser que hastra n'esa batalla—coñecida por nós agora—tivese algún héroe com'Aquiles, e que algún lirón chamado Homero, inmortalice Shalatchi. ¡Nada podemos decir á ese respeito!...

¡Quén sabe si non foi tamén algunha invasión, pois os ratos amarelos dís que viñan do campo atacar ôs cinsentos da cidade?

Pode ser que ô frente d'esa *xente ratoncil* viesse tamén algún Alexandro Magno, e que fique na Historia d'eles, como ficou na nosa.

É natural que achasen tamén defensores como Viriato, Pelayo... ¿E si foi un rato Napoleón que tivese alcontrado un Velarde, Ruíz, Daóiz, unha Agustina ou un Morillo? «¡Si soupese que me iba costar tantos homes, ratos, non tería emprendida a conquista!»: diría o invasor.

Finalmente os ratos cinsentos foron derrotados n'outra batalla; deixando o campo con miles de mortos.

Poucos se puderon salvar! ¿Sería un Aníbal frente a Sahagunto?...

Nada podemos decir, mais estamos ô frente de un caso nada común, muito estrano entre ôs animaes, e pol-o menos no século XX chamado do deporte e velocidade, ninguén pode dar unha explicación a ese caso.

Pode ser que a imprensa dos ratos ocúpe-se muito desa grande batalla, poren nós non podemos ler ises xornaes. ¡Quén sabe si lá non hai tamén censura!...

París, Marzo 928.

CORONA GONZÁLEZ.

## SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Como xá anunciamos no derradeiro número e falaron os xornás de toda Galicia, no pasado mes reuniuse en Pontevedra a IV xuntanza anual do benemérito Seminario.

Celebráronse con tal motivo diversos aitos de cultura galega con conferencias de gran importancia. Concurriron socios de toda a Galicia e nas sesións reinou un franco outimismo con respecto ao porvir da cultura patria e do sentimento galeguista.

Entre os acordos, todos de gran intrés, tomados na xuntanza figuran dous que pol-a sua índole merescen especial indicación pol-o beneficio que van a reportar á nosa cultura. Son eles a creación das seicións de Cencias Sociaes Económicas e de Filoloxía Galega. As duas comenzaron xa a autuar o ao igual que as outras seicións de que se compón o Seminario, logo dara sinalados e bons froitos. Compre celebrar con ledicia estes acordos tomados e felicitar unha vegada mais ao patriótico Seminario pol-a formidabre laboura que anda a facer para o ben da Terra.

Tamén tomouse o acordo de celebrar na Cruña a próisima xuntanza a que revestirá caracteres extraordinarios pol-os moitos aitos que entón hánse de efectuar.

## DO MEU PRISMA

*A figura xeométrica d'unha raza casi se pode afirmar que é a mesma pra todol-os séculos. Non así a figura anímica. D'ahí que os parbos non pertenezan a ningún século.*

*Non-o podó remediar. Caudo entro n'un xardín moderno póñome triste, moi triste. Son ises macizos a ras do chán, tan eslabazados, tan... bonitos. E choro a sua desparecida virilidade selvática. Xardíns «garçone»: catacumbas do pensamento.*

*Os cascabeis d'ises cabalos que heroís co-*

*rren pol-a carreteira, son a bulra dos H. P. e dos puros con anela. ¡Vellos fidalgos que inda teñen azos pra ollal-o mundo do aluminio e do «boras»!*

*¿Por qué as coartillas non han de ser todas igoales? Unhas teñen, somentes milímetros coadrados; outras, metros, kilómetros i-hastra légoas.*

*As casas con azoteia son casas sin alma: fáltalles a cabeza. E na nosa terra disoan tanto, séntense tan avergoñadas, que choran todas por dentro.*

*A maior parte dos homes chegan a sabios ou á nada, ó xeito das emedadeiras ó tellado ou á ras do chán: pende da ourentación... ou das agarradeiras.*

*Os monumentos son fontes da Historia. Corramos a erguel-o monumento ó bandullo!*

*No aristocrático casino:*

*Amigo «cicerone»: —e ise que alí ves, e o dono do pazo que ademirache esta mañá.*

*Amigo forasteiro: «Xa se lle nota; ten distinción.*

*Amigo «cicerone»: «Si; foi o criado do fidalgo.*

*Ó cabo atopei unha ialma pensante e distinguida n'ise casino aristocrático, século XX: o camareiro.*

*A «cupletista» saiu as táboas tan arrou-*

*padiña como si camuñase pol-a rúa; quixo mostrarnos como calquer «niña bien» podía faguer o mesmo que ela e meteu traxe e sombreiro n'un bulso de mau. Bo!; a cousa non tivo trascendencia. ¡Canta mais tería cando o tirou do bulso d'un chileque!*

*Non sei quen dixo —coído que Wilde— que non había mais que duas cras de mulleres: as feas i-as que se pintan». Hoxe, das duas, tiraríaa unha abundosa terceira: as que se bican nos beizos.*

LEUTER G. SALGADO.

## UNHA BAIXA INXUSTA

### A CADA UN O SEU

Un señor que dend'a publicación de A NOSA TERRA foi suscritor d'este boletín escribíunos unha carta na que dí que o diamos de baixa como protesta pol-o que dixemos respeito ó absurdo de nomear a ningún fillo predileuto da Galicia.

É, según nos comunica un alceso devoto de don Basilio Alvarez, a quen coída merecente do honor que nós non queremos que se l'otorgue.

Coidamos que n'isto é mais papista que o Papa ou mais basilista que o Basilio.

Pol-o que foi abade de Beiro nós tamén temos certa simpatía com'a temos por outros moitos que son galegos esgrevios. Pro o criterio que adoitamos c'os que desexaban que á don Basilio se lle nomeara fillo predileuto da Galicia, adoitaríamolo igoalmente si se pidira para outros conterráneos insines ó mesmo honor. Coidamos sinceramente que ningún o merece. E de llo dar hoxe a un, mañán abusaríase do tído, como xa se ten abusado do de fillo predileuto d'esta e de aquela cibdade e vila.

Somellante honor —que é o honor coleutivo mais outo da nosa terra e o único ainda nos descretado—hai que reservalo para can-

do se considere indiscutibel concederllo a alguén. Inda é nova a Galicia renacente para que perda a virxitude do soio honor non asoballado. Inda ninguén fixo por ela o que ten de se facere. Fillo predileuto da Galicia somente poderá selo aquel que sendo todo galego, e vivindo na súa terra para a súa terra, faiga por ela algo que non teña par en ningures.

O primeiro fillo predileuto da Galicia ten que ser un galego xurdio, un heroi do galeguismo, un alceso apóstola enxebreza: o es-cultor por antonomasia do noso pobo.

¿Hai algún dono de todas istas cualidades? Pois d'aquela o patriótico é agardar a que o haxa. Que o haberá. Para ben da terra.

Pol-o demais señor que motiva estas liñas é fanático d'abondo no senso fulanista. Lembrámonos de que, cando na assembleia da confederación agraria que se xuntara na Cruña quixérase deixar ó ex-abade de Beiro fora de presidencia, aquel señor dou este berro edificante: «¡Eu non son agrario, son de Basilio e vóume con Basilio!»

## M a h â t m â G a n d h i

(Conclusión)

En 1890-91 atopábanse instalados no Sul d'África, principalmente no Natal, 150.000 indios. O afluxo d'iste pobo estranxeiro provoca na poboación branca unha xenofobia, qu'o goberno encárgase de interpretar coas súas medidas d'ostracismo. Quer prohibir a inmigración dos asiáticos, e facer que se marchen aqueles qu'estaban establecidos no país. As persecucións sistemáticas fan a súa vida intolerable: grandes impostos, humillantes obrigacións de policía, aldraxes púbricos, e logo linchamentos, roubos e destrucións, todo baixo o escudo da civilización branca.

En 1893, chega, Gandhi ó Sul d'África, chamado a Pretoria pra defender unha causa importante. Il descoñecía completamente a situación dos indios n-África. Dende os primeiros pasos no Natal, e mais aínda no Transvaal holandés, fai experiencias cruéis. Iste indio d'alta raza, que sempre fora ben tratado n-Inglaterra, e que ata d'agora consideraba ós europeos coma seus amigos, atópase que tropeza coas groseirías mais inxuriosas, despedido á porta dos hoteles e dos bens, insultado, abofeteado, couceado... Houbérase volto pr'a India senón tivera un contrato qu'o avencellaba por un ano cos seus clientes. Durante istes doce meses adquiriu o dominio de si mesmo. Mais chega-

do o seu termo, dispúñase a marchar sen perda de tempo, cando soupo qu'o goberno preparaba un proxecto de lei que sacaba ós indios os seus derradeiros dereitos e as poucas garantías que lles quedaban. Os indios d'África atopábanse sen forza pra loitaren sen vontade, desorgaizados, desmoralizados. Cumprialles un xefe, unha y-alma. E Gandhi quedouse.

Entón comenza unha loita épica, d'unha concenza, contra da forza do Estado e da masa brutal. Abogado aínda n-esta época, comenza por demostrar xuridicamente a falla de legalidade da Acta d'exclusión asiática, e cóntra da mais forte oposición gaña a súa causa, en dereito, senón de feito, diante da opinión do Natal e de Londres. Fai firmar enormes peticións, suscita o Congreso Indio de Natla, funda unha Asociación d'educación india; un pouco mais tarde funda o xornal *Indian Opinion* publicado en inglés i-en tres línguas indias. Despois, querendo asegurarlles un réxime honorable n-África, a fin de os defender mellor, faise semellante a iles. Tiña en Johannesburg unha boa clientela (1) qu'abandonou por se

(1) Ganaba, di Gakhal, 5 ou 6.000 libras por ano. D'eiquí adiante, viviu con tres libras ó mes.

casar, como San Francisco, co-a Probeza. Fai vida común cos indios miserabres e perseguidos; participa das suas probas, e santificaos, por que oponlles a lei da Non-Resistencia. En 1904 crea en Phoenix, preto de Durban unha colonia agrícola pol-os pláns de Tolstoy, a quen admiraba. Xunta ós indios, dalles terreos, e failles facer solemne voto de pobreza. Il mesmo imponse os traballos mais baixos. Pouco a pouco, durante anos, iste pobo silenzoso resiste ó goberno. Vanse retirando das vilas e a vida industrial paralizase. E unha folga relixiosa contra a que se desfai toda violencia, como aquela da Roma imperial contra os primeiros cristianos. Mais ben poucos d'aqueles cristianos levarían a doutrina do perdón e do amor ata o punto d'ir coma Gandhi, en axuda dos seus perseguidores ameazados. Cada vez qu'o Estado do Sul d'África s'atopa fronte a graves perigos, Gandhi suspendía a non participación dos indios ós servizos públicos, e ofrecía ademais a súa axuda. No ano 1899, durante a guerra dos Boers, forma un Cruz-Roxa india, que foi dúas veces citada na orden do día con loubanza pol-a súa bravura na liña do fogo. En 1904 a peste aparece en Johannesburg: Gandhi orgaiza un hospital. En 1906, os indixenas sublevaronse no Natal: Gandhi toma parte na guerra ó fronte d'un corpo de camilleiros, e o goberno de Natal dalles as gracias publicamente.

Istes servizos cabaleirescos non desfacían o furor xenófobo. Metido na cadea por diversos pretestos—(e aínda pouco dispois dos agradecimentos oficiás pol-a guerra do Natal)—condenado á traballos forzados, batido a paus pol-a canalla furiosas (1) coñeceu todol-os sufrimentos e total-as humillaciós. Mais nada fai dubidar á súa fé. Faise meirande coa proba. En 1908 escribe, en resposta á escola da violencia n'África do Sul, o seu fermoso folleto: *Ind Swarāj (Home Rule Indien)*, o Evanxeo do amor heróico.

A loita mantense durante vinte anos, e alcanza o seu máximu de violencia dende

1907 a 1914. O goberno do Sul d'África fixera aprobar a toda presa unha nova Acta asiática, a pesar da oposición dos ingleses cultos. Entón Gandhi, orgaiza a Non-Resistencia en toda a súa amplitude. No mes de Setembro de 1906, en Johannesburg, foi prestado solenemente por todol-os indios axuntados. O xuramento da *Resistencia-Pasiva*. Todol-os Asiáticos, de toda clás de raza, de caste e relixión, ricos e probes, xúntanse estreitamente a iles, e non son xa os indios senón tamén todol-os chinos d'África. Metéronos na cadea por milleiros, e non grandes d'abondo as prisiós, pechábanos nas minas. Mais o carce semella exercer un atractivo sobor d'iles. O Xeneral Smuts, qu'os perseguía, tíñalles dado o nome de *Conscientious Objectors*. Gandhi foi metido na cadea tres veces. O movemento medraba. En 1913 estendiase do Transvaal ó Natal.

Grandes folgas, metings apaixonados, unha marcha en masa dos indios ó longo do Transvaal, sobreexcitaron a opinión na África e na Asia. A indinazón apoderouse da India, e o mesmo viz-rei, Lord Harding, faise intérprete d'ela.

A indomabre tenacidade e a maxia da *grande i-alma* trunfaba: a forza dobra os xionllos diante da heróica dozura. O mais encarnizado nemigo da causa india, o xeneral Smuts que, en 1909, declaraba qu'il non borraría endexamais do Libro dos Estatutos unha medida inxuriosa pr'os indios, decíase cinco anos despois ditoso por facela desaparecer. Unha Comisión imperial diulle a razón a Gandhi sobor da cásique todol-os puntos. En 1914 un Acta suprimía o imposto de tres libras, e acordabaa liberdade de residencia en Nadal á todol-os indios que quixeran quedar coma traballadores libres. Despois de vinte anos de sacrificios a Non-Resistencia vencera.

---

## Unha laboura meritoria

Sin que nosoutros deixemos de estimar merecente de ser loubada a laboura que veñen faguendo esas agrupaciós que procuran se pór en contrato frecuente co-a nosa pai-

(1) En 1907 pol-os seus propeos compatriotas; porqu'il tiña ó tempo que sufrir a violencia dos opresores e dos oprimidos: a estes a moderación de Gandhi éraslle sospeitosas, i-o goberno facía todo o posíbre pra comprometelo.

saxe, pois aínda que en algunhas non pasa de admiración bucólica e excrusivamente contemplativa, pode rematar co tempo en se converter en un sentimento que adiquira fonda raíces na terra que o produce.

Pero entre todas estas entidades merencense destacar as nomeadas «Amigos del paisaje gallego» do Seixo, (xa o nome é un acerto) i-a «Agrupación Artística de Meliá» das que é inspirador o noso bó amigo, o admirado paisaxista galego Felipe Bello Piñeiro, que ó fronte d'elas ven faguendo unha laboura que coidamos de importancia extraordinaria.

Esas agrupacións derradeiramente nomeadas fan viaxes aos lugares que estiman teñen monumentos ou lembranzas de tempos idos nos que se pode estudar o noso pasado. Viven unha vida de arte no seu máis amplo senso, teñen uns fatos de doniñas, verdadeiras belezas, que dan probas d'unha extraordinaria intuición artística, unhas dibuxando e pintando pergameos que xa quixeran faguelos algúns dos que anda

por ahí como consagrados; outras copian-do íntegra e literalmente un arquivo de Murgardos que encerra documentos de un grande intrés; as mais formando unha seición de declamación que ofrece verdadeiras revelacións e praitican exclusivamente o teatro galego, pra o que traduxo do francés ó noso idioma unha das raparigas, «O médico a pano» de Molière, atopándose a punto de ser rematada outra versión ó galego, feita pol-o Sr. Fernández Barreiro, de Ferrol; d'unha obra d'un autor ruso que por ter diversas ilustracións musicas será cantada pol-as rapazas do coro que teñen por norma fixa cantar ó final de todol-os seus actos o noso hino.

Está rápidamente expicado o labor que se veñen impóndo pra ben da terra esas ditas Sociedades, ás que dendes de eiquí mandamóslle a nosa embora de que tamén participa o noso amigo Bello Piñeiro.

*Inp. NÓS. Real 36-1.º A CRUÑA*

## X. CALVIÑO DOMÍNGUEZ

ABOGADO-PROCURADOR  
CANTÓN PEQUENO, 1-(OFICINAS)

Teléfono, 581.

A Cruña.

### EFECTOS NAVALES

de

FERRER E COMPAÑÍA - SUCEORES

F. Bertrán e Mirambell

VIGO E A CRUÑA

(CASA FUNDADA EN 1868)

*Artigos xenerás para equipo da Mariña militar  
vapores, barcos de vela e pescadores.*

Grandes Almacenes de Tecidos

NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS

INMENSO SURTIDO EN PANOS DA REXIÓN E EX-  
TRANXEIROS CONFECIÓNANSE TODA CRAS DE  
PRENDAS PARA MULLERES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 -- Teléfono 256

A CRUÑA

## FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

FERRETEIRIA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINAS, PEDRAS FRANCESAS PARA MUIÑOS ETC. ETC.



AGUAS DE  
**MONDARIZ**  
FUENTES DE GÁNDARAY Y TRONCOSO  
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todas  
Boticas, Droguerías,  
Hotels,  
Depósitos d'augas  
minerás,  
Restaurans e  
vagos-camas de  
todol-os

As mais indicadas en cas  
de artitrismo, desnutrizón, dia  
obesidades diversas, doenza  
aparello dixestivo, anemi  
e neurastenia

Riquisma auga de mesa  
gaseada naturalmente.

**MONDARIZ - BALNEARIO**  
a 35 kilómetros de Vigo

Representante na provincia da Cruña, D. Antonio del Moral,

Rúa da Amargura, núm. 15

A CRUNA